

DECRETO

EXPEDIENTE: 2019/PLANEAM/000011 (FG núm. 640)

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 5, RÚA CURROS ENRÍQUEZ, MERA MAIANCA

Con data 13 de decembro de 2024, a coordinadora de servizos urbanísticos emite informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

1. OBXECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

EXPEDIENTE	2019/PLANEAM/000011 (FG núm. 640)
DENOMINACIÓN	PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 5, RÚA CURROS ENRÍQUEZ, MERA MAIANCA
ENTIDADE PROMOTORA	López Calvo e Hijos, S.L. (B-15.149.164)
ENTIDADE REDACTORA	Jesús Boullosa Cerviño e Ángel Capelán Fernández, Arquitectos
ÁMBITO DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN	Este proxecto de urbanización circunscríbese á parcela incluída dentro do ámbito de solo urbano non consolidado POL-5 Rúa Curros Enriquez, incluído no PXOM de Oleiros. O obxecto é desenvolver a urbanización de acordo co estudo de detalle (NRE 19332 de 15 de decembro de 2015) e as directrices do PXOM.
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2022017499, de 26 de setembro NRE 2023012619, de 30 de xuño NRE, 2024018366, de 28 de agosto
ORZAMENTO DO PROXECTO	OEM: 279.765, 81 € Orzamento sen IVE: 332.921,32 € IVE 21%: 69.913,48 € Total: 402.834,80 €

2. NORMATIVA APLICABLE

- Art. 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 223 a 233 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Con data 21 de novembro de 2024, o arquitecto técnico municipal emitiu informe do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES:

Con data 30 de xuño de 2016 apróbase definitivamente o Estudio de Detalle do Pol-5 de Mera.

Con data 24 de outubro de 2018 apróbase definitivamente o Proxecto de Equidistribución do Pol-5 de Mera.

Preséntase con data 02.09.2019 Proxecto de Urbanización deste polígono de solo urbano non consolidado con nº de rexistro 14772.

Con data 16.10.2019 emítase informe requirindo unha serie de melloras e correccións no documento.

O 22.10.2019 emítase informe por SERGESCO.

O 27.12.2019 emítase informe polo departamento de Servizos municipais en relación coas redes de saneamento e parques e xardíns.

Con data 26.09.2022 presentouse proxecto nº 2022017499 ditándose Resolución para que solucionasen unha serie de aspecto e se pediran informes ás empresas subministradoras de servizos.

Con data 30.06.2023 preséntase proxecto con correccións ditándose nova Resolución o 04.10.2023.

Preséntase con data 22.02.2024, novo proxecto con respecto ó cal se informa o 05.03.2024.



Preséntase novo documento nº 2024018366 do 28.08.2024 que incorporar de xeito refundido os requirimentos feitos ata a data que son os seguintes

1.- En relación coa necesidade de obter informe de UFD en canto a se o proxecto contempla todas as novas infraestruturas eléctricas necesarias que deben ser previamente deseñadas e aprobadas por UFD e a necesidade de recoller o soterramento das liñas aéreas existentes (isto afecta tanto ás liñas eléctricas como de alumeado ou telecomunicacións), os planos de proxecto e presuposto de proxecto non se corresponden co detalle dos informes de UFD, e deberá incorporarse nestes planos a reposición das acometidas aéreas que é preciso soterrar.

Incorpora planos da rede eléctrica de media e baixa tensión aportados en informes de UFD de 14.11.2022 e 12.12.2022 (ANEXO I e ANEXO II). Inclúe a obra civil, manobras eléctricas e desmontaxe de liñas aéreas e apoios.

2.- En canto á necesidade de informe dos operadores de telecomunicacións que puideran dar servizo e a necesidade

de incluír e detallar en plano e orzamento o soterramento das liñas aéreas existentes, segue sen incorporarse un plano co estado das liñas aéreas existentes e do soterramento proxectado das mesmas. No anexo de informe de compañías subministradoras consta el informe de UFD definindo a eliminación das liñas eléctricas aéreas existentes. Deberán engadirse as de telecomunicacións que houbera e incorporarse ambas ós planos e orzamento.

Aporta comunicación con telefónica España na cal se manifesta que non existen tendidos aéreos. Incorpórase solicitude nº EXP218120010334 ante UFD que inclúe en ANEXO I os traballos de actuación sobre a rede de distribución soterrando as liñas aéreas e eliminando os postes existentes no ámbito.

3.- Debe preverse a instalación dun peche de malla metálico da parcela de resultado edificable.

Inclúese en plano U-01M e en partida 6.10 un formado por malla de simple torsión con postes de acero galvanizado da parcela de resultado unha vez rematada a obra de urbanización.

4.- En canto ao informe de AquaOleiros, S.A., o proxecto adáptase aos requirimentos realizados, O mesmo informe lembra a necesidade de "... poner en conocimiento del departamento de proyectos de Obras Públicas del Ayuntamiento de Oleiros, tanto por parte del departamento de Urbanismo, como por el equipo de arquitectos redactores del Proyecto de Urbanización del POL-5, el que se deje previsto las dos conexiones en TE bridada de fundición y tres válvulas de compuerta elástica para el tramo de distribución en tubería fundición Ø100mm a ejecutar dentro de dicha Urbanización del POL-5, tanto en Rúa Orvaliña (TEØ100-100mm B/B/B+ 3 válv. Fund. C.E. Ø100mm), como en Rúa Curros Enríquez (TEØ200mm salida100mm B/B/B + 3 válv. Fund. C.E., dos de Ø200mm y una Ø100mm), a propuesta de este informe de AquaOleiros, S.A. ". Ha de darse traslado, xa que logo, ao departamento municipal de OOPP.

Segundo informa o departamento de Obras públicas a rede de abastecemento na rúa Orvaliña foi executada durante o ano 2023 polo que as obras propostas para este tramo de rúa son suficientes.

5.- Debe facerse un plano propio do Proxecto que incorpore as previsión incluídas por UFD para eliminación e soterramento das liñas aéreas existentes ademais da rede de abastecemento ó edificio. A acometida de alimentación do armario de programación e electro válvulas de rego deberá facerse dende un cadro eléctrico da rede de baixa tensión, non dende o cadro da rede de alumeado.

Cúmprense as determinacións en canto a eliminación de apoios de formigón, liñas aéreas, cadro de alumeado e rego. Axústase a dotación do cadro de alumeado e luminarias e báculos ó informado polo departamento de obras públicas.

6.- Tíñase solicitado a transformación do levantamento topográfico ás actuais coordenadas ETRS89. O non presentarse planos vectoriais en soporte vectorial, non se pode comprobar o sistema de coordenadas.

Os planos editables vectoriais realízanse en coordenadas UTM-ETRS89.

OUTRAS OBSERVACIÓNS:

- O sinal R-301 (límite de 20km/h) e colocarse no inicio de rúa.
- O sinal R-400c non é preciso por xa existir un no inicio da rúa.
- O deseño da praza de mobilidade reducida e do paso de peóns deberá adaptarse á orde TMA/851/2021.
- En execución de obra valorarase a posibilidade de substituír a reixa continua de recollida de augas que separa o aparcadoiro da beirarrúa por un caz e unha rede convencional de sumidoiros conectados a pozos.

Estas observacións danse por solucionadas.

Solucionados ditos requirimento, en relación co proxecto agora presentado se INFORMA:

I.- ASPECTOS DE CARACTER XERAL:

I.1.- Descrición do ámbito, suficiencia do ámbito, antecedentes de planeamento, promotor,...



O proxecto de urbanización presentado está redactado polos arquitectos Jesús Boullosa Cerviño y Ángel Capelán Fernández.

Correspóndese co ámbito do Polígono 5 de Mera, Oleiros, de solo urbano non consolidado.

O presuposto de execución material das obras incluídas no Proxecto, ascende á cantidade de 279.765,81 €.

O presuposto de execución por contrata IVE incluído das obras, ascende á cantidade de 402.834,80 €.

O Proxecto contén os seguintes documentos:

Memoria.

Anexos de cálculo de instalacións, estudio básico de seguridade e saúde, estudio de xestión de residuos, xustificación de accesibilidade, plan de control de calidade, plan de obra e informes de viabilidade de subministrados.

Prego de condicións xerais e técnicas da obra.

Orzamento con medicións, cadros de prezos, orzamento e resúmen.

I.2.- Suficiencia da documentación do Proxecto (art. 4 e 5).

Defínese de modo completo as obras ou instalacións a realizar, co contido e detalle que require o seu obxecto, de forma que o proxectado poida ser directamente executado mediante a correcta interpretación de aplicación das súas especificacións por técnico distinto ó autor do proxecto	O proxecto define as obras e instalacións a executar.
Contén	
memoria descritiva, memoria técnica, cálculos, prego particular de condicións técnicas, planos, cadros de prezos, orzamento e estudio de seguridade e saúde	Contén esta documentación.
Está redactados por un/unha técnico/a competente.	Redactado por dous Arquitectos.
No apartado da memoria técnica ou ben no de cálculos e tamén en planos, quedan definidos os seguintes aspectos:	
Superficie e características básicas das vías que conforman o proxecto.	Están definidas no Proxecto
O proxecto axuntará conformidade da empresa distribuidora de enerxía eléctrica.	No anexo 7 da Memoria solicitude de nº EXP218120010344 de data 11/04/2024 con orzamento detallado da actuación sobre a rede eléctrica: ANEXO I: Traballos sobre a rede existente en servizo a realizar por UFD cun orzamento de 55.514,30 € máis un 21% de IVE, total 67.172,30 € ANEXO II: Traballos de extensión de rede cun orzamento de 16.049,11 € máis un 21% de IVE, total 19.419,42 €.
Proposta de ordenación de tráfico e sinalización co número de sinais e semáforos instalados clasificados pola súa tipoloxía	Inclúese Plano SE-01M de sinalización horizontal e vertical.
Características das canalizacións de gas que se instalen.	O Plano S-07 e Anexo describe as características e deseño da rede. Proxéctase a rede de Gas no fronte do edificio e polo marxe da zona verde para dar servizo ás parcelas enfrontadas en solo urbano.
O proxecto incluírá a conformidade da empresa distribuidora de gas	Consta no Anexo 7 información de Nedgia sobre o punto de conexión coa rede existente así como proposta de Convenio entre o promotor e NEDGIA para construción da instalación.



Modelos de cada un dos elementos do mobiliario urbano	Defínense en proxecto no capítulo 6 do orzamento e no plano U-01. Inclúe: 5 bancos de pedra artificial Modelo Estrada de GITMA 1 fonte de fundición modelo Atlántida "Santa - Cole" 1 papeleira de pedra artificial Litos de GITMA. 3 xogos infantís de GITMA. Deberá incluírse no momento do final de obra a Certificación da Área de Xogos por entidade homologada.
Proxecto de telecomunicacións no seu caso, de conformidade coa normativa de telecomunicacións e asinado por técnico competente, visado polo correspondente colexio profesional, e coa conformidade da empresa distribuidora de telecomunicacións	O Plano S-06M e Anexo describe as características e deseño da rede. Proxéctase a rede de telecomunicacións no fronte do edificio establecendo punto de conexión en base ó informe de telefónica que consta no Anexo 7 en consulta N/Ref: 8142032 punto de conexión nin a rede existente.
Partida presupostaría relativa aos traballos de rasanteado interior das parcelas, deslinde e amolloamento das parcelas do ámbito do proxecto de urbanización	Inclúese partida 2.2 de rasanteado interior, deslinde e delimitación por importe de e.m. de 3.068,86 €. Preverse a instalación dun peche de malla metálico da parcela de resultado edificable recollido en plano U-01M e partida do orzamento 6.10.
Condicións para o movemento de terras, decantación de pluviais durante as obras nun pozo antes de vertelas a rede, protección dos pasos en beirarrúas, estanque de lavado de rodas cando o esixa o volume da escavación, regos para evitar a formación de po.	Será condición de execución.
A situación das acometidas, o arborado, os farois e en xeral tódolos elementos das instalacións que sobresaian da rasante da beirarrúa adaptándose aos lindes das parcelas resultantes.	Abastecemento Plano S-01M, O trazado da rede adáptase ó informado por SERGESCO con data 22.11.2019. Consta ademais no Anexo 7 a conformidade do arquitecto técnico do Departamento de Servizos de data 29.01.2024 coa acometida da rede interior de abastecemento ó tubo de FD 150mm no punto "A" cun tubo de PE de 100 mm. <u>Electricidade b.t.:</u> <u>Figura no plano S-05M 1, S-05M 1.2 e S-05M 3.</u> <u>Consta informe de UFD.</u> <u>Telecomunicacións.</u> <u>Figura no plano S-06M.</u> <u>Rede de Gas.</u> <u>Figuran, no plano S-07.</u>
Plano a escala mínima 1:1.000 onde se fixen claramente os límites do plan que se proxecta executar, a situación das obras, os límites dos espazos viais, os parques e xardíns de uso público, e os espazos abertos e libres de uso privado, as construcións, plantacións o instalacións que por seren incompatibles co plan teñan que derrubarse, cortarse ou trasladarse, as parcelas para equipamentos de servizos públicos ou de interese social e as previstas para a edificación privada.	Constan en planos os límites e obras.

Plan de control de obra como anexo independente do proxecto, con expresión do número de ensaios para realizar por cada un dos materiais que se van empregar que deban ser analizados/ensaiados, que servirá de base, tras a súa aprobación, para a recepción das obras.	Consta Plan de control no anexo 5. O importe total do control e do 2% do PEM e inclúese no orzamento.
Orzamentos das obras dividido en capítulos e subcapítulos, respectando como mínimo as calidades e os prezos recollidos na "Base de datos da Construción de Galicia" do IGVS do ano en vigor.	Cumpre.
Plan de obras detallado onde se fixe tanto o prazo final como os parciais das distintas fases, se as houbera. Prazo de execución das obras e/ou das fases.	Consta Plan de Obra detallado. Prazo de execución en 6 meses.
Axuste dos prazos ao previsto no planeamento de desenvolvemento que executan.	Consta Plan de Obra detallado

I.3.- Base topográfica e plano de replanteo (art. 10).

Base topográfica actualizada, cun grao de detalle correspondente a unha escala mínima 1/500.	A base topográfica é a
--	------------------------



Figuran todos os elementos que a dita escala poden ter representación gráfica e aqueles que sen cumprir esta condición, pola súa importancia e singularidade é necesario reflectir.	mesma que a empregada para a redacción do plan Especial e resulta axeitada e suficiente.
É preciso desbroce de zonas do ámbito que pola súa configuración e estado da vexetación o esixen para un axeitado levantamento topográfico	Non foi preciso facer desbroces.

En calquera caso grafíaranse mediante signos convencionais, especificando o seu significado nunha lenda de simboloxía. Así mesmo tamén se farán constar na documentación gráfica, os seguintes elementos:

Límites de propiedade.	Figuran grafiados
Prolongación de aliñacións.	Figuran grafiados
Paralelismo e ortogonalidade.	Figuran grafiados
Referencias a elementos existentes	Figuran grafiados
As curvas de nivel trazadas como mínimo a 0,50 m e puntos de altimetría nos cruces de rúas, vértices nos límites do ámbito, e nas beirarrúas e calzadas preexistentes no interior e perímetro exterior	Figuran grafiados
Utilízase como sistema de coordenadas, o sistema U.T.M.,	Plano I.02, Topográfico está en coordenadas UTM ETRS89
Incorpórase como anexo ao proxecto, os planos en soporte dixital en ficheiro de intercambio compatible (DXF) inserido sobre a cartografía dixital do Concello.	Cumpre.

I.4.- Necesidade de autorizacións sectoriais e doutras administracións (art.7).

- O Proxecto require informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- O ámbito é colindante polo sur coa rúa Curros Enríquez que é unha vía titularidade da Deputación provincial (DP5801) polo que as obras a facer nesta zona requiriran da súa autorización.

I.5.- Conexións cos servizos existentes, sistemas xerais e infraestrutura viaria. (art. 5 para e.e, gas e ict)

Rede de abastecemento:

Terase en conta o que informe AquaOleiros e do Departamento de Servizos municipal.

Rede de saneamento:

Terase en conta o que informe o Inspector de Infraestruturas municipal.

Rede de alumeadado público: Faise unha proposta de alumeadado con tecnoloxía LED controlada dende un novo centro de mando. Axustada ó informe do técnico municipal de obras públicas.

Rede eléctrica MT e BT: Consta solicitude de subministro e Anexo I e Anexo II de UFD.

Redes de telecomunicacións: Consta informe de Telefónica sobre capacidade de dar servizo e do punto de conexión.

Rede de Gas: Consta informe de Nedgia sobre punto de acometida e proposta de Convenio de execución da rede..

II.- CRITERIOS DE DESEÑO, REDE VIARIA:

II.1.- Descrición xeral da proposta, suficiencia da definición (art.12)

deseño do espazo peonil, adecuado á lexislación vixente sobre supresión de barreiras arquitectónicas e accesibilidade en espazos, segundo a normativa autonómica vixente en cada momento.	Cumpre. Xustifícase no Anexo Nº4 o cumprimento da lexislación.
As beirarrúas terán un ancho mínimo de 1,80 m coas excepcións previstas na citada lexislación.	Tódalas novas beirarrúas superan este ancho.
Determinación axeitada dos paquetes dos firmes viarios.	Os firmes defínense correctamente en medición e planos.
O acordo das rasantes das distintas vías con precisión para adecuar a totalidade das infraestruturas.	Cumpre.
Deseño das interseccións. Proposta de ordenación de tráfico, con sinalización horizontal e vertical e semaforización incluída, se procede.	Plano SE-01M .
Pavimentos de materiais asfálticos na calzada dos viais principais	Tan so se usan pavimentos



pavimentos de formigón, adoquín o asfálticos para o resto de calzadas do sistema viario rodado Pavimentos pétreos, adoquín prefabricado ou pavimentos continuos para beirarrúas e rúas peonís.	asfálticos para completala pavimentación da rúa Curros Enríquez. Nas novas rúas emprégase pavimento de adoquín. Na zona de xogos propónse pavimento de caucho.
--	---

II.2.- Dimensionamento de pavimentos de calzadas (art.16).

A pavimentación de beirarrúas e calzadas faise tendo en conta as condicións do soporte e as do tránsito que discorrerá sobre el, así como as que se derivan dos condicionantes de ordenación urbana e de integración ambiental.

II.3.- Criterio pavimentación calzada e beirarrúa (art. 17 e 25).

separación entre as áreas dominadas polo peón e os vehículos manifestarase de xeito que queden claramente definidos os seus perímetros sen que sexa imprescindible que se produza mediante diferenza de nivel. A tales efectos diversificaranse os materiais de pavimentación de acordo coa súa diferente función e categoría	A nova rúas é de sección continua separando as funcións peonil-tráfico mediante cambios no pavimento, rigolas, etc.
En travesías e vías de penetración recoméndase o cambio da textura do pavimento da calzada, respecto do existente nas estradas,	Non é de aplicación
Nas zonas de estacionamento aconséllase o emprego de pavimentos diferenciados. As xuntas que se prevean nestes pavimentos dispoñeranse convenientemente para orienta-lo mellor aparcamento	Nas prazas de aparcadoiro da rúa Orvaliña emprégase adoquín. Na rúa Curros Enríquez emprégase mezca bituminosa AC16 en continuidade coa propia rúa
Cando existan desniveis na proximidade inmediata das vías, estes trátanse de forma que os taludes e terrapléns que sexan necesarios teñan unha pendente que impida o corremento de terras, colocando muros de contención nos lugares necesarios, podendo non corresponderse a rasante da calzada coa das beirarrúas en contacto coa aliñación oficial.	Non é de aplicación.
Os materiais de pavimentación, elixíranse de acordo cun código funcional que distinga a categoría do espazo: circulación, peonil, estancia de persoas e de vehículos, uso conxunto de persoas e de vehículos, etc. O solo de prazas e beirarrúas resolverase con materiais que non dificulten a circulación das persoas e de vehículos de man. As tapas de arquetas, rexistros, etc. orientaranse tendo en conta as xuntas dos elementos do pavimento e nivelaranse co seu plano de tal forma que non resalten sobre o mesmo. As diferenzas de nivel entre distintos pavimentos resolveranse con bordos ou outros elementos de separación que definan claramente os seus perímetros.	Estímase correcta a elección de materiais. Cumpre. Condición da correcta execución.
Só se permitirán os rebaixes nos bordos e beirarrúas correspondentes ás pasaxes peonís, quedando totalmente prohibidos os rebaixes destinados ao acceso de vehículos (garaxes, acceso a propiedades particulares, etc.), que deberán ser resoltos mediante o emprego de ramplas metálicas situadas e demarcadas na calzada e debidamente ancoradas ao pavimento e que non impidan a circulación da auga que discorra pegada ao bordo. Cando se desexa poñer de manifesto os pasos de carruaxes usaranse diferenzas de pavimentos en cores e/ou texturas.	Dado o deseño dos espazos viarios a un só nivel non son precisos facer rebaixes.



Como norma xeral procurarase que a pendente das rúas non supere o 4%. En rúas con pendentes superiores ó 6% de tráfico denso ou tráfico industrial, e nas restantes rúas con pendente superior ao 8% será recomendable dispoñer un pavimento antiesvarante. Esta precaución será obrigatoria para pendentes superiores ao 8% nas primeiras e ao 10% nas segundas. A pendente mínima será do 0,8%. Admitiranse excepcionalmente pendentes menores sempre que o proxecto resolva axeitadamente a drenaxe da plataforma, utilizando rigolas, ampliando a frecuencia de sumidoiros, etc.	A pendente lonxitudinal vendada pola preexistencia da traza viaria en solo urbano xa consolidado pola edificación.
No acondicionamento das marxes empregaranse contencións vexetais que se acompañarán preferentemente con aliñacións de árbores.	Non é de aplicación

II.4.- Deseño de rúas compartidas (art. 18).

As novas rúas son espazos de prioridade peonil deseñados e sinalizados como Zona 20. A disposición dos elementos de mobiliario, arborado, prazas de aparcadoiro, etc., está proxectada de xeito que a circulación de vehículos se vexa forzada a limitar a velocidade e adecuarse ó peón.

II.5.- Deseño prazas de aparcadoiro. (art. 19).

As prazas de aparcadoiro cumpren as dimensións mínimas de 2,50 x 5,00.

II.6.- Deseño carril bicicletas. (art. 20).

Non se prevé carril bici dado o escaso tamaño da actuación..

II.7.- Proposta de ordenación do tráfico (art. 24).

Inclúese Plano SE-01M de sinalización con proposta de ordenación do tráfico.

En canto á sinalización horizontal, utilizaranse pintura acrílica antiesvarante nas liñas, mentres que nos símbolos e pasos de peóns a pintura que se debe utilizar será de dous compoñentes antiesvarantes.

En canto á sinalización vertical, son de clase II.

III.- CRITERIOS DE DESEÑO RESTO ESPAZO PÚBLICO:

Parques e xardíns, clasificación e equipamento proposto. (art. 66 a 70).

A proposta de urbanización e tratamento superficial do espazo libre considérase correcta.

Mobiliario urbano, deseño e suficiencia (papeleiras art. 64, art. 80).

Os modelos de banco e papeleira serán supervisados polo departamento de servizos municipais.

IV.- RECOLLIDA DE LIXO:

IV.1.- Idoneidade da localización e tipo de contedores.

Non se prevé localización de illas de contedores en superficie, nin soterrados. Deberá informarse polo responsables de servizos municipais.

V.- CUMPRIMENTO NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

O proxecto presentado cumpre coa normativa tanto autonómica como estatal segundo consta no Anexo coas excepcións consecuencia da zona urbana consolidada que se trata.

VI.- REDES DE INFRAESTRUTURAS:

Informadas polo departamento de Servizos Municipal, AquaOleiros, UFD e operadores de telecomunicacións.

CONCLUSION.

De acordo co exposto infórmase o documento favorablemente para a súa aprobación inicial coas seguintes condicións:

- A rúa Curros Enríquez e a estrada DP-5815 titularidade da Deputación provincial polo que para a realización das obras que podan afectar a zona de dominio deberase solicitar autorización."

En canto á tramitación do proxecto de urbanización, indica o artigo 226 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que na fase de redacción do proxecto de urbanización solicitaranse informes ás



empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos, interesando que se pronuncien sobre as medidas necesarias a adoptar no proxecto considerando as infraestruturas e os servizos existentes e os previstos segundo o plan, debendo as mesmas achegar cantos datos resulten necesarios para a redacción do proxecto.

O informe será solicitado polo promotor do proxecto de urbanización, tendo a empresa do servizo o prazo dun mes para emitilo, transcorrido o cal se poderá continuar co procedemento previsto neste artigo.

Nos sistemas de actuación indirectos, o promotor xustificará ante o concello a petición e, no seu caso, a evacuación dos referidos informes ao tempo de presentación do proxecto de urbanización para a súa tramitación. Constan no proxecto presentado os seguintes informes:

INFORME	DATA
AquaOleiros	01/11/2022
UFD	14/11/2022 11/04/2024 19/12/2022
NEDGIA	04/02/2020
Infraestruturas municipais	27/12/2019 28/11/2022 27/12/2019 (xardíns) 25/11/2022 (xardíns)
Telefónica	N/ref. 8142032

Con data 9-10-2023, recibíuse autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a execución das obras de urbanización (CSV AESASRVAAISA000HBR40ERN231K8DA).

Indica o artigo 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Tamén se notificará aos propietarios afectados.

Os proxectos de urbanización de iniciativa particular deberán ser aprobados inicialmente polo órgano municipal competente no prazo máximo de tres meses contados a partir da súa presentación no concello. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase outorgada a aprobación inicial por silencio administrativo.

Durante a fase de información pública do proxecto, o concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais preceptivas.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Alcalde, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe do secretario municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente. No caso dos proxectos de urbanización, estamos ante simples actos de execución dos plans, polo que non se considera necesario o informe da Secretaría municipal.



(...)"

En vista do anterior, e en exercicio das facultades conferidas polo art. 21 LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2019/PLANEAM/000011 (FG núm. 640)
DENOMINACIÓN	PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 5, RÚA CURROS ENRÍQUEZ, MERA MAIANCA
ENTIDADE PROMOTORA	López Calvo e Hijos, S.L. (B-15.149.164)
ENTIDADE REDACTORA	Jesús Boullosa Cerviño e Ángel Capelán Fernández, Arquitectos
ÁMBITO DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN	Este proxecto de urbanización circunscríbese á parcela incluída dentro do ámbito de solo urbano non consolidado POL-5 Rúa Curros Enriquez, incluído no PXOM de Oleiros. O obxecto é desenvolver a urbanización de acordo co estudo de detalle (NRE 19332 de 15 de decembro de 2015) e as directrices do PXOM.
DATA E NRE ENTRDA	NRE, 2024018366, de 28 de agosto (versións anteriores: NRE 2019014772, de 2 de setembro, NRE 2022017499, de 26 de setembro, NRE 2023012619, de 30 de xuño)
ORZAMENTO DO PROXECTO	OEM: 279.765, 81 € Orzamento sen IVE: 332.921,32 € IVE 21%: 69.913,48 € Total: 402.834,80 €

SEGUNDO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción inicial”, e archivar tódolos documentos presentados con anterioridade, eliminando as versións en papel.

TERCEIRO.- solicitar os informes sectoriais que a continuación se sinalan, de conformidade co indicado no informe técnico que figura no expediente:

- A estrada DP-5815 pertence á Deputación provincial polo que para a realización das obras que podan afectar a zona de dominio deberase solicitar autorización.
- A urbanización execútase en zona de policía de augas. De acordo co art. 9.4 do RD 849/1986, de 11 de abril, procede solicitar autorización de Augas de Galicia, organismo de bacía.

CUARTO.- Someter o expediente a información pública polo prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

QUINTO.- Notificar á promotora e ao equipo redactor, así como aos propietarios afectados.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde do Concello de Oleiros, don Ángel García Seoane, e a Secretaria accidental, dona María Pilar Cela Álvarez, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

